

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Aprobación definitiva da modificación do regulamento de funcionamento do servizo de préstamo de axudas técnicas do Concello de Boiro

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Boiro, en sesión ordinaria en sesión ordinaria celebrada o 23 de novembro de 2023, acordou aprobar inicialmente modificación do Regulamento de funcionamento do servizo de préstamo de axudas técnicas do Concello de Boiro. De conformidade co previsto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, abriuse un período de información pública por espazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio publicado o 2 de xaneiro de 2024 no BOP. Transcorrido o prazo sen que existan reclamacións ou alegacións pendentes de someter a consideración plenaria, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Contra esta disposición de carácter xeral cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente Regulamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (artigos 10.1.b e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa)

Texto íntegro da modificación:

UN. Segregar en dous puntos e engadindo definicións no *artigo 1º*. **Obxecto: quendado redactado do seguinte xeito:**

“1. O obxecto deste regulamento é regular o funcionamento do Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas, que é un servizo social público de carácter comunitario que depende xurídicamente do Concello de Boiro. Este servizo, xunto o servizo de axuda no afogar, teleasistencia, de actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables e adaptación funcionais do fogar, podoloxía e fisioterapia, desenvolve unha das prestacións básicas dos Servizos Sociais Comunitarios, que é Apoio ás familias e ás diferentes unidades de convivencia.

2. Definicións:

- a) Axuda técnica: elementos, dispositivos, tecnoloxías ou equipos fabricados especificamente ou dispoñibles que se utilizan para aumentar, manter ou mellorar o funcionamento das persoas en calquera actividade; permitindo ou facilitando a realización de determinadas accións, de tal forma que sin o seu uso, as tarefas serían moi difíciles de realizar para unha persoa nunha situación determinada. Non inclúe adaptacións en arquitectura de inmobles ou edificios como rampas, barandas, pasamáns, aseos adaptados ou análogos.
- b) Unidade de convivencia: aquela unidade formada por todas as persoas que residan nun mesmo domicilio, unidas entre si por vínculo matrimonial, como parella de feito ou por un vínculo ata o segundo grado de consanguinidade ou, afinidade, adopción e outras persoas coas que o usuario/a conviva en virtude de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente. Unha mesma persoa non poderá formar de dous ou máis unidades de convivencia. Non se rompe a convivencia pola separación transitoria por razón de estudos, traballo, tratamento médico, rehabilitación ou outras causas semellantes.
- c) Traslado permanente ou definitivo fóra do termo municipal: traslado da persoa usuaria fóra do termo municipal con fins residenciais en outro inmovible ou ben nun ámbito residencial asistencial de forma definitiva.
- d) Traslado temporal fóra do termo municipal: traslado da persoa usuaria fóra do termo municipal con fins residenciais por un tempo superior aos 3 meses, sen computar os ingresos hospitalarios por motivos de saúde.
- e) Persoal vinculado directa ou indirectamente: funcionarios municipais, persoal laboral municipal e outro persoal que aínda non tendo unha relación contractual en materia laboral coa entidade local realice funcións vencelladas en outras materias como o transporte, servizo de axuda no fogar e análogas.
- f) Réxime extraordinario: situación non habituais e extraordinarias das persoas solicitante.
- g) Axuda técnica persoal: tipoloxía específica de elemento, que constitúe unha axuda técnica, que unicamente pode ser utilizado por unha persoa en concreto ao ser configurada ou fabricada segundo as características da persoa usuaria.

DOUS. Modificar puntualmente o *artigo 9º*. *Son deberes das persoas usuarias do servizo, que debe dicir:*

“1. Aboar en tempo e forma as taxas estipuladas na correspondente ordenanza fiscal polo transporte ao domicilio da axuda técnica, que dependerá do volume, peso e número de axudas técnicas a transportar; así coma da porcentaxe de financiación de novas axudas sobre o importe inicial.

2. Tratar con respecto ao persoal vinculado, directa ou indirectamente, coa prestación deste servizo.

3. Adquirir o compromiso de devolver o material prestado en boas condicións, unha vez que finalice o obxecto polo cal a prestación foi concedida. No caso contrario, o custo da reparación ou reposición detraeráse da fianza depositada ou da sanción a impoñer, se existise, debendo aboar o/a usuario a diferenza no caso de resultar a fianza insuficiente para facer fronte ao custo da reparación ou reposición.

4. Realizar a devolución das axudas técnicas en préstamo no caso de saída do termo municipal, tanto sexa este permanente, definitivo ou temporal.

5. Realizar os arranxos que sexan precisos ante calquera incidencia da axuda técnica e especialmente dos seus botóns, baterías, cableado e/ou outros compoñentes electrónicos, hidráulicos ou mecánicos. Así coma repoñer aqueles elementos da axuda técnica que se poidan extraviar.”

TRES. Modificar puntualmente o *artigo 10º*. *Catálogo de axudas técnicas, que onde di:*

“Inicialmente o servizo de préstamo de axudas técnicas do Concello de Boiro inclúe no seu catálogo as seguintes axudas: grúas, camas articuladas e cadeiras de rodas. Admitiranse doazóns ao servizo de préstamo, as cales se formalizarán mediante contrato. O feito de que unha persoa formalizara dito contrato non lle dará prioridade no caso de solicitar con posterioridade á doazón unha axuda técnica. En ningún caso o material entregado nas doazóns poderá ser recuperado pola persoa donante das ditas.”

Debe dicir:

“1. Inicialmente o servizo de préstamo de axudas técnicas do Concello de Boiro inclúe no seu catálogo as seguintes axudas: grúas, camas articuladas, cadeiras de rodas, cadeiras para o aseo, colchón antiescaras, andadores, baldeiras para camas. Asemade establece a posibilidade de engadir as seguintes: muletas, outros produtos de apoio para o coidado e protección persoal, outros produtos de apoio para a mobilidade persoal dentro do fogar no seu réxime ordinario e de mobilidade persoal exterior en réxime extraordinario, produtos de apoio para a realización de actividades domésticas, para a comunicación e manipulación de obxectos e dispositivos, e calquera outros que se valoren oportunos sempre que non sexan considerados como axudas técnicas persoais.

2. Admitiranse doazóns ao servizo de préstamo, as cales se formalizarán mediante contrato. En ningún caso o material entregado nas doazóns poderá ser recuperado pola persoa doante das ditas.

3. O feito de que unha persoa formalizara dito contrato non lle dará prioridade no caso de solicitar con posterioridade á doazón unha axuda técnica.”

CATRO. Modificación do primeiro párrafo da *disposición final*, **onde di:**

“Facúltase ao alcalde-presidente do Concello, e por delegación súa, á concelleira de servizos sociais, terceira idade, muller e igualdade, para ditar as disposicións internas e realizar as propostas a elevar á Xunta de Goberno Local”

Debería dicir:

“Facúltase ao alcalde-presidente do Concello, e por delegación súa ao concelleiro/a delegado con competencias nos servizos sociais comunitarios, para ditar as disposicións internas”

CINCO. Engadir un novo capítulo: CAPITULO VII: INFRACCIÓN E SANCIÓN, que conte cun único artigo, *Artigo 20. Infracción e sancións. Que quedará redactado do seguinte xeito:*

No caso de que sexan detectados erros, roturas ou inutilización da axuda por mal coidado, mal uso, golpes ou falta de mantemento excesivo, o usuario/a, familia ou unidade de convivencia procederá a abrir expediente sancionador, de cuantía establecida segundo os anos de uso e obsolescencia da axuda. Así coma pola non devolución da axuda técnica en tempo e forma logo de emitirse requerimento ao efecto.

Todas as infraccións e sancións sinaladas serán consideradas como graves.

Entendendo, polo tanto, que a sanción nace da infracción cometida por: falta de mantemento contínuo, rotura intencionada da axuda técnica ou dalgúns dos seus compoñentes, mal coidado ou conservación do elemento ou golpes intencionados; así coma pola non devolución da axuda técnica de forma posterior ao correspondente requerimento.

- Axuda técnica nova, sen uso anterior ou ata o 2º ano de uso dende a adquisición: sanción sobre o 100% do custe total da axuda técnica, computado o IVE no custe total.

- Axuda técnica entre o 2º e 3º ano de uso, dende a adquisición: sanción sobre o 50% do custe total da axuda técnica, IVE engadido.
- Axuda técnica de entre o 3ª e o 4º ano de uso, dende a adquisición. 25% do custe total da axuda técnica, IVE engadido.
- Axuda técnica a partir do cuarto ano de uso, dende a adquisición. 10% do custe total da axuda técnica, IVE engadido..

O órgano competente para a imposición da sanción, motivada polas infraccións descritas, e correspondente resolución será a Xunta de Goberno Local.

SEIS. Engadir unha *disposición adicional primeira*, que habilite aos servizos municipais a realizar inspeccións do uso das axudas técnicas; así como de realizar propostas de devolución de oficio. Que **quedará redactado do seguinte xeito:**

“DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Facúltase aos servizos técnicos municipais a realizar as inspeccións que consideren necesarias a prol do bo uso e correcto mantemento das axudas técnicas en préstamo. Así como tamén realizar as propostas de devolución de oficio no caso de detectar un mal uso, incorrecto mantemento ou trato, ou ben o non uso dos bens.”

SETE. Modificar o modelo de contrato de servizo segundo o estipulado tras a correspondente modificación puntual e ampliación.

En Boiro a 9 de abril de 2024.

O Alcalde.

José Ramón Romero García.

2024/2426